



BALÓN DE OSÍXENO

Partido correspondente á trixésima xornada de liga disputado en Prados Vello nunha tarde invernal e no que o Numancia conseguiu tres puntos importantísimos.

Prados Vello, 29 de novembro de 2009

ALINEACIÓNS:

NUMANCIA: Sergio; Bule, Fernando, Vicente (Antón, m. 57), Jauma; García, Julio (Pedrito, m. 57), Teti, Jose (Costa, m. 84); Javi e Manu.

CEDEIRA: Cristóbal, Pipo, Juan, Bote, Arturo, Adrián (Álex, m. 46), David, Pana (Bernar, m. 84), Samuel García, Alfredo (Samuel, m. 78), e Nes (Álex Martínez, m. 58).

ÁRBITRO: Alberto Cinza, asistido nas bandas por Alejandro Miño e Daniel Barrera. Amoestou a Vicente polo Numancia e a Iván, Arturo, David, Alfredo e José Picos (adestrador) por parte do Cedeira.

GOLES:

1 - 0 (m.24): Saque de esquina de Jose que remata García de cabeza no segundo poste. Rexeita Cristóbal e García, tamén de cabeza, e por riba do porteiro, consegue o primeiro gol.

1 – 1 (m. 47): Falta indirecta ao borde da área, tocada en curto para Álex Martínez que supera á barreira e a Sergio. Un gral gol.

1 – 2 (m.49): Pase longo a Nes que gaña as costas da defensa aresá e eleva o balón superando a Sergio.

2 – 2 (m. 53): Penalti a Manu. Lanza o propio Manu axustado ao poste e materializa o empate a dous goles.

3 - 2 (m. 58): Saque de falta de Jose. O balón chega a Javi que controla dentro da área e dispara un tiro cruzado.

4 – 2 (m. 73): Disparo de Jose que rexeita Cristóbal. Pedrito, moi atento, anticipase á defensa e fusila o gol.

5 – 2 (m. 82): Pase de Manu a Javi quen tira superando a Cristóbal.

MINUTO A MINUTO:

15: Saque de banda de Jauma, peina Manu e Julio tira por riba do traveseiro, moi desviado.

- 23: Cartón amarelo para Vicente por empuxón nun salto de cabeza.
- 24: GOOOOOOOOOOOOOOL DO NUMANCIA.
- 32: Centro chut de Jose que rexeita Cristóbal a córner.
- 39: Centro desde a banda que remata Alfredo de cabeza, fóra.
- 40: Tiro de Javi, axustado ao poste, que despexa Cristóbal a córner.
- 45: Disparo de Teti que consegue desviar Cristóbal a córner, con dificultade.

Primeiros corenta e cinco minutos moi disputados por ambos equipos, poñendo todos os xogadores moitas gañas por levar cada balón. Quizás o Numancia, por ocasións, debería ir aos vestiarios con algún gol máis de vantaxe.

2ª PARTE

- 46: Xogada por banda entre Javi e Teti con pase final a Manu ao que se lle escapa o balón cando ía rematar.
- 47: GOOOOOOOOOOOOOOL DO CEDEIRA. EMPATE.
- 49: GOOOOOOOOOOOOOOL DO CEDEIRA. ADIÁNTASE NO MARCADOR.
- 50: Centro de esquina que remata Vicente de cabeza. O balón sae por riba do traveseiro.
- 53: GOOOOOOOOOOOOOOL DO NUMANCIA. Manu de penalti empata o partido.
- 56: Erro da defensa numantina que case facilita o gol do Cedeira.
- 59: GOOOOOOOOOOOOOOL DO NUMANCIA. Outra vez por diante no marcador.
- 62: Gol anulado a Manu por suposto fóra de xogo.
- 73: GOOOOOOOOOOOOOOL DO NUMANCIA. Cuarto gol que asegura a tranquilidade para os locais.
- 75: Excelente xogada de García que pasa a Manu e este a Jose. Disparo final de Jose e parada de Cristóbal.
- 82: GOOOOOOOOOOOOOOL DO NUMANCIA. Quinto tanto dos aresáns.
- 87: Outra xogada de García por banda con pase a Manu que dispara por riba do traveseiro.

Segunda parte con seis goles e remontadas, primeiro do Cedeira e despois do Numancia. Gran espectáculo con accións moi brillantes nunha fría e chuviosa tarde en Prados Vello e uns últimos minutos xogados con pouca luz. Parecía que co 1 – 2 o Cedeira repetiría o desenlace dos últimos partidos, levándose outros tres puntos de Ares pero o rápido empate do Numancia volveu a meter no partido aos xogadores locais, moi motivados neste encontro que debe supoñer o inicio dunha nova etapa onde ten que verse o compromiso e respecto de todos, tanto pola entidade como polos seus compañeiros e a afección.